

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN PARA PROXECTOS GLOBAIS DE INSERCIÓN E INTEGRACIÓN SOCIO LABORAIS - ALAR GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA FÉNIX, DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN INTEGRAL CON MENORES AGRESORES DE VIOLENCIA DE XÉNERO, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

REUNIDAS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, que actúa en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Sonia Díaz Alvaredo que actúa en nome e representación da entidade Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais - Alar Galicia (en adiante Alar-Galicia), NIF G 15 775 901, en virtude da súa condición de Presidenta da entidade, segundo o acordado na Asamblea Extraordinaria celebrada en Lugo con fecha 28 de outubro de 2023.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo.- O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a



liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Terceiro.- A Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución Española; no Estatuto de Autonomía de Galicia; na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo; na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

Cuarto.- A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos.

A violencia de xénero sobre as rapazas máis novas é un tema enormemente preocupante tanto por razóns cuantitativas como cualitativas. Nos últimos anos vense constatando un incremento da violencia que sofren as nenas e adolescentes, con especial incidencia da violencia machista sobre todo violencia de control e psicolóxica e violencia sexual e cunha tendencia á normalización de determinadas condutas violentas. Así mesmo estase a detectar un descenso na idade das vítimas e agresores (12 anos).

Quinto.- O Parlamento Europeo na súa resolución na súa Resolución sobre *unha campaña europea sobre tolerancia cero ante a violencia contra as mulleres (Diario Oficial n° C 304 de 06/10/1997)* chama a atención das institucións europeas sobre a *"necesidade de realizar accións europeas de tolerancia cero respecto da violencia contra as mulleres"*. Estas accións inscríbense no marco do seguimento da Declaración e Plataforma de acción de Beijing adoptada por resolución da Organización das Nacións Unidas o 15 de setembro de 1995, da vontade da Comisión Europea de integrar a dimensión "xénero" en todas as súas políticas e particularmente no marco dos seus programas específicos, e máis especificamente



aos agresores reais ou potenciais, aos nenos e nenas testemuñas da violencia familiar e ás mulleres vítimas de violencia, favorecendo a cooperación entre os distintos axentes, como os servizos públicos e as ONGs, así como a participación activa da sociedade civil.

Sexto.- O artigo 34 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero recolle que *"a Xunta de Galicia [...] facilitaralle a aqueles agresores que o soliciten, a incorporación a programas específicos de reeducación. Para iso poderán subscribirse convenios de colaboración con outras administracións públicas e organismos competentes, con capacidade e experiencia na materia"*.

Ademais, o artigo 6 da antedita lei establece que *"o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero"*.

Sétimo.- O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, conscientes de que o Pacto de Estado debe continuar vertebrando a nosa resposta como país fronte á violencia machista, asinaron un acordo de renovación onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

En base a todo o anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, co obxecto de asegurar as condicións básicas que garantan a igualdade de todas as mulleres no exercicio dos seus dereitos fronte á violencia. Este acordo ten como finalidade consolidar o traballo fronte á violencia contra as mulleres no conxunto do Estado, avanzando na institucionalización e a permanencia dos compromisos adquiridos no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.



O 20 de marzo de 2023 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia de Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027).

O 26 de febreiro de 2025 o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou de maneira case unánime a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O acordo amplía as medidas que incluía en 2017 de 290 a 461, e introduce novos eixes como son a violencia vicaria, a violencia económica e a dixital. As medidas repártense en dez capítulos que abordan a loita contra a violencia machista desde distintos ámbitos: sensibilización, resposta institucional, asistencia e protección das vítimas.

Oitavo.- A medida 320 do Pacto de Estado contra a violencia de xénero recolle a necesidade de traballar coas Comunidades Autónomas para que a rehabilitación dos menores agresores en casos de calquera forma de violencia de xénero aplique a perspectiva de xénero.

Así mesmo, a Actuación 1.3.01. do Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres conforme aos estándares internacionais de dereitos humanos sinala a elaboración e difusión de campañas institucionais e outras accións de sensibilización e toma de conciencia fronte a todas as formas de violencia contra as mulleres que presten atención as súas causas, especialmente á relación directa entre desigualdade e violencia e os estereotipos de xénero e que se dirixan tanto a poboación xeral como a públicos e ámbitos específicos desde unha perspectiva interseccional promovendo as masculinidades igualitarias e a Actuación 1.3.05 sinala o deseño e desenvolvemento de campañas de concienciación e sensibilización dirixidas especificamente a homes, adolescentes e nenos para erradicar os prexuízos baseados en estereotipos de xénero.

Noveno.- Alar-Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, inscrita no Rexistro de Asociacións de Galicia co número 2001-566-1 e declarada de utilidade pública mediante a Orde do 1 de febreiro de 2023 (Dog núm. 31 do 14 de febreiro). Así mesmo, figura recoñecida como entidade prestadora de servizos sociais e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5850.



Constitúe unha das súas finalidades, recollida no artigo 2 dos seus estatutos, realizar todo tipo de actuacións de carácter de prevención na infancia e/ou mocidade no consumo de estupefacientes, alcol, drogas, a formación persoal e profesional, prevención e actuación directa con menores infractores en medidas xudiciais, prevención da violencia de xénero e doméstica na infancia e/ou mocidade e o seu entorno, mediación social e familiar no entorno da infancia e mocidade.

O programa Fénix é un conxunto de actuacións de prevención e actuación integral da Asociación, destinado a menores en conflito coa lei, e que se atopan actualmente cumprindo algunha medida xudicial por exercer accións de violencia de xénero contra as súas parellas e/ou ex-parellas; mais tamén a aqueles menores que, cumprindo medidas por calquera outro delito, dende o centro considérase beneficioso a participación nun programa educativo de sensibilización cara á igualdade entre os sexos, e de prevención da violencia machista (ben polo propio perfil do menor, ben polo entorno socio-familiar con forte connotacións machistas). As actuacións integrais do *Programa Fénix* están deseñadas para realizarse, a nivel individual, desenvolvendo un traballo máis introspectivo e de vertente máis psicolóxica, e a nivel grupal, onde se conceptualizan contidos máis teóricos e sociais tendo unha vertente máis educativa. As intervencións desenvólvense en sesións de 60 minutos de duración e cunha frecuencia semanal ou quincenal, segundo o demande a situación e características de cada participante, sendo unha programación totalmente flexible. As actuacións integrais estarán a cargo de dous psicólogos. A actuación psicoeducativa comeza dende que o menor é derivado dende o recurso onde está a cumprir a medida.

O mantemento dun Programa das características do *Programa Fénix*, responde á necesidade social causada polo notable aumento nos últimos anos dos casos de violencia de xénero entre os menores na nosa comunidade galega e no estado Español en xeral.

O programa *Fénix* comezou no ano 2019 intervindo directamente con 18 usuarios. Ó longo destes anos o número de usuarios foi incrementando: sendo no 2020 un total de 32; no 2021 foron 40 menores, no 2022 participaron 50 usuarios, no 2023 foron un total de 94 mozos no ano 2024, un total de 164 menores, en 11 centros. E finalmente no ano 2025 foron 148 en 9 centros, das 4 provincias galegas.

O programa establécese en todo o territorio galego e na práctica totalidade dos



centros de menores de Galicia cunha valoración moi positiva polos propios centros da intervención e dos obxectivos acadados ano a ano.

Décimo.- A Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario fomentar a realización das actuacións do Programa Fénix para o ano 2026 coa concesión dunha subvención pública.

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar aos menores agresores de violencia de xénero, unha atención integral e especializada que poida contribuír á prevención de futuros casos de violencia.

Alar Galicia é a única entidade que traballa dende o ano 2019 e ata día de hoxe, na prevención das condutas machistas nos menores con cargas xudiciais internos en centros de menores, como medida fundamental e imprescindible para a re-socialización e o aprendizaxe de condutas adaptativas entre parellas.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é instrumentar a concesión directa dunha subvención, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, en beneficio da entidade Alar-Galicia para o desenvolvemento do seu Programa Fénix, de Medidas de Intervención Integral con Menores Agresores de Violencia de xénero, enmarcado no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O Programa Fénix é unha actuación integral con menores de idade que teñen imposta unha medida xudicial de internamento en centros de menores e/ou medida xudicial en réxime aberto, por ter cometido un delito de violencia de xénero ou calquera outro delito, pero cun perfil que dende o centro onde cumpre a medida consideran beneficioso que participe nun programa educativo de sensibilización cara



a igualdade entre os sexos e contra a violencia machista que non forma parte da medida xudicial establecida.

Alar Galicia poderá levar a cabo o seu programa Fénix en todo o territorio galego para dar resposta directa e inmediata ás demandas das fiscalías e xuíces preferentemente, en relación a menores con cargos penais que exercen ou exerceron violencia de xénero coas súas parellas ou ex-parellas, así como a intervención en centros de Intervención en Medio Aberto (CIEMA) e en Centros de Reeduación e Especial Protección de Menores. Os centros onde se realizará o programa serán:

- Na provincia da Coruña: CIEMA da cidade da Coruña, Centro de Reeduación de menores Concepción Arenal (Palavea), CIEMA de Ferrol, e o CIEMA de Santiago de Compostela.
- Na provincia de Lugo: Centro de Especial Protección Santo Anxo en Rábade.
- Na Provincia de Ourense: Centro de Menores de Atención Específica Montefiz e Centro de Atención Residencial Monteledo.
- Na provincia de Pontevedra: CIEMA de Vigo e o Centro de Reeduación especial Avelino Montero.

Para o ano 2026 iníciáanse as actuacións no CIEMA do Barbanza, en concreto en Boiro, Aguiño e Noia.

As actuacións integrais do Programa Fénix están deseñadas para realizarse, a nivel individual, desenvolvendo un traballo máis introspectivo e de vertente máis psicolóxica, e a nivel grupal, onde se conceptualizan contidos máis teóricos e sociais tendo unha vertente máis educativa.

A intervención individual, constará de 20 sesións distribuídas en 10 unidades temáticas:

1. Presentación do Proxecto: Establecemento de obxectivos e aceptación de compromiso. Motivación para o cambio.
2. Identificación e expresión de emocións. Análise crítica da concepción do amor romántico. Dependencia emocional.
3. Distorsións cognitivas. Crenzas irracionais. Esquemas disfuncionais e ideas estereotipadas.
4. Asunción do delito. Responsabilidade. Mecanismos de defensa: escusas e



xustificacións.

5. Empatía coa vítima.

6. Ciclo da violencia. Sinais que alertan da escalada da violencia. Técnicas básicas de control da ira.

7. Agresión e coerción sexual na parella. Consecuencias físicas e emocionais do comportamento sexual inadecuado.

8. Coacción, ameazas, intimidación e abuso. Illamento da vítima.

9. Xénero e violencia

10. Prevención da reincidencia.

A intervención grupal consistirá en obradoiros de sensibilización deseñados para traballar en grupos reducidos. O material está distribuído nos seguintes 6 Módulos temáticos:

1. Conceptos básicos: Conceptos básicos: sistema sexo/xénero. Transmisión dos roles de xénero. Transversalidade de xénero.

2. Linguaxe inclusiva: A linguaxe como ferramenta de cambio persoal e social. Pautas e ferramentas para o uso dunha linguaxe inclusiva.

3. A violencia de xénero e a tecnoloxía. Novas formas de violencia. A tecnoloxía como mecanismo de control.

4. Violencia na relación de parella. Modelos de relacións de parella. Mitos de amor romántico. Habilidades de comunicación.

5. Novas masculinidades: A masculinidade patriarcal e os micromachismos. Beneficios das novas masculinidades igualitarias.

6. A sexualidade en igualdade: O consentimento sexual e a agresión sexual. Desmontando a culpabilidade da vítima. Responsabilidade e respecto como valores nas relacións sexuais. Identificación de emocións. Xestión e expresión de emocións. Tolerancia á frustración

Segunda.- Financiamento

A previsión do orzamento de gastos para a realización das actuacións que ten previsto desenvolver a Alar Galicia, ascende á cantidade de 75.000€.

Para sufragar os gastos derivados das actuacións do programa subvencionado a través do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade total de **75.000€ (sesenta mil euros)** con cargo á aplicación



orxamentaria 08.06.313D.480.2 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, para os gastos efectivamente realizados no exercicio 2026 derivados do desenvolvemento do dito programa Fénix.

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre o **1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. A tipoloxía de gastos subvencionables correspóndese con gastos de persoal, servizos e subministracións para o desenvolvemento do programa.

Cuarta.- Xustificación e pagamento

A xustificación dos gastos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, suscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de menores usuarios, número de accións formativas realizadas, número de participantes e un resumo global dos resultados obtidos. Así mesmo entregarase a dita memoria en formato editable.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da entidade, na que se relacionen os gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- **Facturas**, documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico



mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior e a documentación acreditativa do pagamento, seguindo a orde indicada na relación do punto anterior. No caso de non achegarse os orixinais, acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

- **Gastos de persoal:** Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación das actuacións a subvencionar a través deste convenio que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, e NIF da persoa traballadora, base do Imposto da Renda das Persoas Físicas, retribución líquida e bruta mensual de cada unha delas, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado. Ademais deberanse achegar os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de 2026 que conleven ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflecta o importe da retención ou cotización devindicada na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Certificacións acreditativas** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma



de Galicia.

Á vista desta documentación a Consellería de Política Social e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

- Non se admitirán pagamentos en efectivo.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Política Social e Igualdade reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata **o 4 de decembro de 2026**.

Quinta.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Sexta.- Notificacións

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sétima.- Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula cuarta, agás a memoria de actuación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

Oitava.- Reintegro da subvención

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de



xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestamento pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos reintegrárase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

Novena.- Obrigas da entidade beneficiaria

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o obxecto do programa a subvencionar, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a



Consellería de Política Social e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregárase a lingua castelán se esta é requirida.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á



xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta das actuacións a subvencionar a través do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo de conformidade coa normativa de protección de datos.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décima.- Compatibilidade

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Décimo primeira.- Inexistencia de relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal, que no seu caso, precise para o seu desenvolvemento.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Política Social e Igualdade, ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha



responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo segunda.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo terceira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos de aqueles que motivaron a concesión da subvención.
- O transcurso do tempo fixado sen que se execute o gasto obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fóra o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos intereses de demora acumulados dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde a orixe do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente se procederá, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



Décimo cuarta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes de Alar Galicia designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

A persoa que ocupe a secretaría así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de de Loita contra a Violencia de Xénero, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

A actuación da Comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.



As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexta.- Publicidade e rexistro do convenio

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo sétima.- Protección de datos

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva



95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de>



dereitos. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décimo oitava.- Vixencia

O presente Convenio producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante, os gastos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2026 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan este convenio na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

Fabiola García Martínez

A PRESIDENTA DE ALAR GALICIA

Sonia Díaz Alvarado

